



## Guía Docente

Datos Identificativos				
<b>Asignatura (*)</b>	Práctica Sustantiva Civil II	<b>Código</b>	2024/25 612553009	
<b>Titulación</b>				
Descriptorios				
<b>Ciclo</b>	<b>Período</b>	<b>Curso</b>	<b>Tipo</b>	<b>Créditos</b>
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	5
<b>Idioma</b>	Castelán			
<b>Modalidade docente</b>	Presencial			
<b>Prerrequisitos</b>				
<b>Departamento</b>	Dereito Privado			
<b>Coordinación</b>	Bello Janeiro, Domingo	<b>Correo electrónico</b>	domingo.bello@udc.es	
<b>Profesorado</b>	Bello Janeiro, Domingo	<b>Correo electrónico</b>	domingo.bello@udc.es	
<b>Web</b>	www..dereito.udc.es/presentacion-abogacia			
<b>Descrición xeral</b>	A materia Práctica Sustantiva Civil II ten como obxecto o estudo e a aprendizaxe, dese a perspectiva problemática, do Dereito de familia, do Dereito de sucesións e do Dereito de danos. Trátase de que o estudante aprenda a resolver problemas nestes tres ámbitos do Dereito privado, especialmente conflictivos. En particular o estudante debe aprender a utilizar as ferramentas xurídicas axeitadas para resolver conflitos nestes ámbitos, así como a diseñar réximes económico matrimoniais e sucesións en patrimonios familiares e empresariais, axeitados para garantir a continuidade dunha sociedade ou empresa familiar e para minimizar as consecuencias tanto de eventuales responsabilidades por débedas, coma dos problemas derivados na sucesión da titularidade da empresa. Tendo en conta esta problemática, prestarase especial atención o réxime económico matrimonial de gananciais e as institucións de Dereito de sucesións propias do Dereito civil de Galicia e, en particular, os pactos sucesorios.			

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
---------------------------	-------------------------------------



Obxectivo xeral: a formación ten por obxecto que o alumno/a adquira as habilidades, actitudes e coñecementos en materia de Derecho sustantivo e procesual civil, en relación co asesoramento dos intereses encomendados polo cliente, a análise e redacción dos documentos xurídicos, dirección de procedementos xudiciais e, en xeral, o axeitado exercicio da profesión nestes ámbitos (familia, sucesións e danos). 1. Familia. Obxectivos: coñecer as consecuencias xurídicas da ruptura do matrimonio ou da parella de feito (unións estables de parella). Coñecer os trámites procesuais aplicables en materia de familia. Coñecer o réxime xurídico das medidas cautelares previas e coetáneas. Aprender a realizar a liquidación do réxime económico matrimonial. Habilidades: Saber redactar demandas de separación, divorcio, alimentos e custodia, tanto de mutuo acordo, coma contenciosas. Saber redactar convenios reguladores. Conciliar os intereses do propio cliente coa especial protección dos fillos menores. Saber redactar convenios de liquidación do réxime económico matrimonial e formular xudicialmente propostas de inventario e de liquidación. Actitudes: Defender o interés do cliente nunha negociación de ruptura consensuada. Propor medios de proba oportunos. Documentar os acordos alcanzados nos procedementos de mutuo acordo. Recopilar a información necesaria para a realización do inventario e a inclusión e exclusión de bens. Documentar a liquidación do réxime económico matrimonial. Informar o cliente dos efectos económicos da liquidación, incluídos os fiscais.

AM1

AM2

AM3

AM4

AM7

AM10

AM13 BM2

BM3

BM4

BM5

BM6

BM9

BM11

BM12 CM1

CM2

CM5

CM6

2. Sucesións: Obxectivos: coñecer os modos de apertura da sucesión na herdanza, tipos, incapacidades e prohibicións. Coñecer a sucesión paccionada, a testada e os tipos de testamento. Coñecer o contido mínimo do testamento, legados e lexítimas. Coñecer a sucesión intestada e os seus trámites. Coñecer a aceptación da herdanza, a repudiación e o sistema de colación. Coñecer o réxime de administración dos bens da comunidade hereditaria. Coñecer cómo se forma un inventario de bens cómo formular oposición a inclusión dun determinado ben. Coñecer os cuadernos particionais. Coñecer as especialidades en materia sucesoria propias do Dereito civil de Galicia. Habilidades: diferenciar con claridade entre unha sucesión voluntaria e legal. Aplicar correctamente as causas de incapacidade e as prohibicións para suceder. Aplicar correctamente o instrumento da delación. Identificar os tipos de testamento. Aplicar correctamente o sistema de lexítimas. Tramitar notarial e xudicialmente unha sucesión intestada. Determinar a conveniencia de aceptar ou repudiar unha herencia. Elexir entre aceptación pura e simple e a beneficio de inventario. Deslindar os actos de mera administración. Diferenciar entre un contador testamentario, un contador dativo e un xudicial. Respetar as lexítimas na partición. Cerciorarse do Dereito aplicable en función da vecindade civil do causante. Garantir que nos testamentos quede plasmada realmente a vontade do testador. Actitudes: asesorar o cliente do xeito mais conveniente según os diferentes tipos de sucesión. Ter sempre presentes as peculiaridades que poden concorrer na sucesión (incapacidades, prohibicións?) Asesorar convenientemente o cliente que vai a realizar testamento tendo en conta as implicacións legais e fiscais. Asesorar o cliente sobre os efectos da aceptación e da repudiación da herdanza. Asesorar o cliente sobre os efectos das donacións os seus herdeiros forzosos. Procurar o aseguramento dos bens da herdanza. Advertir o cliente sobre a adecuación de utilizar distintos instrumentos propios do Dereito civil de Galicia para ordenar a súa sucesión hereditaria, especificamente canto a empresa familiar. AM1

AM2

AM3



AM4  
AM7  
AM10  
AM11  
AM13 BM2  
BM3  
BM4  
BM5  
BM6  
BM9  
BM11  
BM12 CM1  
CM2  
CM5  
CM6

3. Dereito de danos. Obxectivos: coñecer o sistema de responsabilidade civil extracontractual no ámbito civil. Coñecer as formas de prevención da responsabilidade civil. Coñecer os presupostos da acción civil de responsabilidade extracontractual e a doutrina xurisprudencial da objetivización da responsabilidade. Distinguir os suxeitos intervintes e as especialidades da responsabilidade civil xurdida dos ilícitos penais. Coñecer as formas de determinación do dano a través das probas. Coñecer, valorar e utilizar a proba pericial. Coñecer as peculiaridades das accións de responsabilidade civil por danos nos distintos ámbitos (profesional, sanitario, construción?). Coñecer as especialidades da responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos a motor. Aprender a utilizar o baremo de valoración de danos corporais. Coñecer o funcionamento do seguro e do Consorcio de Compensación de Seguros. Coñecer as especialidades procesuais do tratamento xurídico dos danos privados. Habilidades: distinguir os suxeitos intervintes na responsabilidade civil extracontractual. Redactar unha demanda de responsabilidade civil. Formular reclamacións extraxudiciais por responsabilidade civil. Interpretar axeitadamente os informes periciais e forenses. Emitir as instrucións precisas para a realización dun informe pericial. Calcular a valoración de danos e secuelas. Utilizar correctamente a lexislación aplicable en materia de danos derivados da circulación de vehículos a motor. Saber utilizar o baremo de valoración de danos corporais en materia de tráfico. Actitudes: asesorar o cliente para prever a responsabilidade civil. Emplear en cada caso os medios de proba mais axeitados. Analizar a orde xurisdiccional adecuada para preentar unha demanda exercitando unha acción de responsabilidade civil extracontractual. AM1

AM2  
AM3  
AM4  
AM7  
AM10  
AM11  
AM13 BM2  
BM3  
BM4  
BM5  
BM6  
BM9  
BM11  
BM12 CM1  
CM2  
CM5  
CM6

AP1	BP1	CP1
AP2	BP2	CP2
AP3	BP3	CP3
AP4	BP5	CP4
AP5	BP6	CP5
AP6	BP7	CP6
AP7	BP8	CP7
AP8		CP8
AP9		CP9
		CP10



Contidos	
Temas	Subtemas
DEREITO DE DANOS ( Prof. Dr. Domingo Bello Janeiro)	1. Responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor. Aprendizaxse do sistema de valoración de danos corporais. 2. Responsabilidade civil derivada de accidentes ocasionados por especies cinexéticas. 3. Responsabilidade civil na construción. 4. Responsabilidade civil profesional. En particular, dos profesionais xurídicos: avogados, procuradores, notarios, rexistradores e xuíces. 5. A responsabilidade dos administradores das sociedades de capital. 6. A acción de responsabilidade civil extracontractual. Aspectos procesuais. 7. O seguro de responsabilidade civil (aspectos contractuais e procesuais).
DEREITO DE FAMILIA (Profesores: Dña Digna Braña, Dña María Asunción Jiménez de Llano Zato, Dña Luisa Moure)	1. Medidas previas e provisionais nos casos de separación e de divorcio. 2. Divorcio ante notario. 3. Procedemento de común acordo: convenio regulador, especialidades do proceso. 4. Procedemento contencioso: especialidades en materia de proba. Especial referencia a custodia compartida. 5. Modificación de medidas definitivas adoptadas. 6. Liquidación do réxime económico matrimonial e, en particular, da sociedade de gananciais. Inclusións e exclusións de bens e formas de facer a liquidación da sociedade ganancial. Problemas suscitados pola comunidade postganancial.
DEREITO DE SUCESIÓN (Prof. Dr. Domingo Bello Janeiro e D. Miguel Caridad)	1. Testamentos. 2. Pactos sucesorios (pacto de apartación, de mellora e usufructo do cónxuxe viúvo). 3. Instrumentos para diseñar a sucesión na empresa familiar (pactos sucesorios, disposicións testamentarias e pactos de socios). 4. Declaración de herdeiros. 5. Partición e división da herdanza (convencional, pola maioría, xudicial). 6. Intervención do caudal hereditario. Medidas de aseguramento. 7. Características da administración xudicial do caudal hereditario. 8. Partición e división da herdanza: convencional, por contador-partidor e procedemento xudicial.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A3 A1 A2 A9 B2 B3 B5 B6 B7 B8 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10	5	15	20
Seminario	A1 A2 A4 A5 A6 A7 A8 A9 B1 B3 B5 C6	20	0	20
Sesión maxistral	A3 A1 A2 A4 A5 A6 A7 A8 B1	42	20	62
Portafolios do alumno	A1 A2 A4 A5 A7 A9 C1 C2 C5	0	10	10
Actividades iniciais	A3 A1 A2 A4 A5 A6 A7 A8 B1	3	0	3
Atención personalizada		10	0	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	- Os/as Profesores/as proporán casos prácticos que os/as alumnos/as resolverán, ben de forma individual, ben en grupo. As solucións plantexaranse e cuestionaranse ante o conxunto de alumnos e alumnas.



Seminario	- Ó longo do curso académico proporase a participación en seminarios monográficos sobre responsabilidade civil empresarial e profesional e sobre o sistema de valoración de danos corporais derivados da circulación de vehículos de motor.
Sesión maxistral	- Os/as Profesores/as exporán os contidos fundamentais da materia, permitindo a participación crítica dos/das alumnos/as.
Portafolios do alumno	- Elaboración dunha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno durante a impartición da materia. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resúmenes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, etc.
Actividades iniciais	- Actividades dirixidas a comprobar o coñecemento dos estudantes das institucións básicas de Dereito de familia, sucesións e danos.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O Profesor/a atenderá ós/ás alumnos/as de maneira individual ou grupal, resolvendo os problemas e as cuestións suscitadas polas lecturas, casos e problemas plantexados.</li> <li>- Os horarios de tutorías anunciaranse a través do taboleiro de anuncios e da ferramenta on-line.</li> <li>- Os alumnos poderán dirixirse por medio de e-mail o Profesor e utilizar o foro do campus virtual 1.9.</li> </ul>

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Seminario	A1 A2 A4 A5 A6 A7 A8 A9 B1 B3 B5 C6	- Participación activa e crítica dos alumnos e alumnas nos seminarios propostos polos Profesores.	5
Sesión maxistral	A3 A1 A2 A4 A5 A6 A7 A8 B1	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Evaluación continua das actividades realizadas polos estudantes dentro e fora da aula.</li> <li>- Valorarase a participación dos alumnos/as na exposición que faga o Profesor/a e en particular as súas intervencións e as respostas as cuestións formuladas polo Profesor/a.</li> </ul>	20
Portafolios do alumno	A1 A2 A4 A5 A7 A9 C1 C2 C5	- Valoración do contido do portafolios presentado o remate da impartición da materia.	5
Estudo de casos	A3 A1 A2 A9 B2 B3 B5 B6 B7 B8 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ó longo do curso académico o/a Profesor/a propondrá distintos casos ou supostos prácticos avaliábeis con cuestións que o/a alumno/a deberá de contestar ou resolver de forma argumentada e, de ser o caso, sen utilizar materiais de apoio (nin bibliográficos, nin xurisprudenciais, nin normativos).</li> <li>- A cualificación obtida nas prácticas avaliábeis realizadas ó longo do curso académico computarase, exclusivamente, nas dúas oportunidades da primeira convocatoria (maio/xuño e xullo).</li> </ul>	70

### Observacións avaliación

--

### Fontes de información

--



<b>Bibliografía básica</b>	BELLO JANEIRO, D. (1993), La defensa frente a tercero de los intereses del cónyuge en la sociedad de gananciales, Barcelona, Ed. Bosch BELLO JANEIRO, D., (1999) El ejercicio de la competencia en materia civil por la Comunidad Autónoma Gallega, Madrid, Ed. Montecorvo, BELLO JANEIRO, D. (2001) Los pactos sucesorios en el derecho civil de Galicia, Madrid, Ed. Montecorvo, BELLO JANEIRO, D., (2009) Responsabilidad civil del médico y responsabilidad patrimonial de la Administración sanitaria, Madrid, Ed. Reus, BELLO JANEIRO, D. et al, (2013), Régimen jurídico de la responsabilidad sanitaria, Madrid, Ed. Reus BELLO JANEIRO, D. et al (2020), Nuevas tecnologías y responsabilidad civil, Madrid, Ed. Reus BELLO JANEIRO, D. et al (2023), Los nuevos tiempos del derecho sanitario: profesionales y pacientes como protagonistas, Madrid, Ed. Reus BERCOVITZ et al (2018). DERECHO DE SUCESIONES. Madrid, Ed. Bercal BERCOVITZ et al (2015). DERECHO DE FAMILIA. Madrid, Ed. Bercal
<b>Bibliografía complementaria</b>	BERCOVITZ et al (2018). DERECHO DE SUCESIONES. Madrid, Ed. Bercal BERCOVITZ et al (2015). DERECHO DE FAMILIA. Madrid, Ed. Bercal SEOANE SPIEGLEBERG, J. L., BELLO JANEIRO, D. (2009). La partición de la herencia en el Derecho gallego. Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación CORA GUERREIRO, J. M.; ORDÓÑEZ ARMÁN, F. M. y PEÓN RAMA, V.J. (2007). Derecho de sucesiones y régimen económico familiar de Galicia, T. I y II. Madrid, Ed. Consejo General del Notariado BERCOVITZ RODRÍGUEZ-CANO, R. (2009). Derecho de Sucesiones. Madrid, Ed. Tecnos

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Deontoloxía e Técnicas Transversais/612553001

Técnicas Instrumentais/612553002

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

### Observacións

(\* )A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías